

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL

IES GONZALO TORRENTE BALLESTER

CURSO ACADÉMICO 2020-2021
PONTEVEDRA

INDICE

	pax
1.- Introducción	3
2.- Contextualización e características do centro	4
2.1 Alumnado	5
2.2 Composición e funcións do Departamento	6
2.3 Calendario de reunións	8
3.- Obxectivos xerais e accións prioritarias	10
4.- Ambitos de actuación	13
4.1 Plan de Atención á diversidade	13
4.2 Plan de Acción Titorial	21
4.3 Plan de Orientación Académico-Profesional	26
4.4 Actuacións coas familias	27
4.5 Actuacións cos Centros Adscritos	27
5.- Metodoloxía	28
6.- Distribución temporal de actividades	28
7.- Recursos	31
8.- Avaliación	32
9.- Anexo Programación Aula PT	33

1.- INTRODUCCIÓN.

As bases da educación sinaladas no Informe á Unesco da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI son: Saber, saber facer, saber ser e saber convivir. Sinalase tamén no informe que fronte ós numerosos desafíos do porvir, a educación constitúe un instrumento para que a humanidade poda progresar cara os ideais de paz, liberdade e xustiza social.

A estratexia Europea sobre discapacidade (2010-2020) propón unha educación e unha aprendizaxe permanente e inclusiva para todo o alumnado, e así lograr unha plena participación na sociedade das persoas con discapacidade.

A Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) establece o principio de equidade que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos que axuden a superar calquera discriminación e accesibilidade universal á educación. Así mesmo establece:

I.- Todos e cada un dos alumnos e alumnas serán obxecto dunha atención, na busca do desenvolvemento do talento.

II.- As familias son as primeiras responsables da educación dos seus fillos e por ilo o sistema educativo ten que contar ca familia.

III.- Equidade e calidade son caras da mesma moeda. O sistema educativo ten que dar prioridade a eliminar calquera atisbo de desigualdade. A calidade é un elemento constituinte do dereito á educación.

IV.- As habilidades cognitivas, sendo imprescindibles, no son suficientes, é necesario adquirir desde idades temperas competencias transversais, como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar, e actitudes clave como a confianza individual, o entusiasmo, a constancia e a aceptación do cambio.

A orientación, tal e como se recolle no Decreto 120/98 do 23 de Abril, polo que se regula a Orientación educativa en Galicia e na Orde do 24 de Xullo do 1999 que desenrola dito Decreto, enténdese como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do neno/a e remata ao finalizar as ensinanzas non universitarias.

A orientación é polo tanto un proceso global que integra os aspectos tanto os aspectos de desenvolvemento perosal, os proceso de ensino-aprendizaxe e a toma de decisións. O

modelo de orientación que se presenta é un modelo socio-psico-pedagógico, no sentido de que se centra prioritariamente nas características do contexto de interacción e non só no alumnado como única fonte do problema (modelo clínico).

Así pois non se entende a orientación como intervención puntual, remedial e sistemáticas e como tarefa exclusiva da orientadora, se non que a orientación debemola enfocar como unha actividade inmersa no currículo escolar de forma que sexa unha tarefa compartida por todo o profesorado e por parte de todos os compoñentes da comunidade educativa, cunha especial colaboración das familias.

Finalmente, no presente curso, seguindo as *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato*, desenvolveranse os puntos 4 e 5 de dita instrución.

Así pois, tendo en consideración o exposto, elaborase a programación que a continuación se desenvolve.

2.- CONTEXTO E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

O IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra sitúase na bisbarra da capital de provincia. Conta con tres centros adscritos de Educación Primaria pertencentes a dúas parroquias rurais do concello: o CEIP A Carballeira de Lourizán, e o CEIP San Martiño e o CEIP de Cabanas de Salcedo, recibindo este curso tamén alumnado doutros centros de Primaria de Pontevedra, como o CEP Campolongo, CEIP Praza de Barcelos, CEIP Alvarez Limeses, CEIP de Mourente etc. O centro tamén conta con alumnos procedentes doutros países (Brasil, Rumanía e Venezuela). No presente curso a distribución de grupo atendendo ao protocolo COVID-19, é sensiblemente diferente ao de cursos anteriores. Así, en primeiro e segundo da ESO hai cinco grupos, en terceiro e cuarto ESO cuatro grupos, en 1º e 2º de Bacharelato cinco grupos e dous no Ciclo Superior de Edificación e Obra Civil.

A oferta educativa do IES abrangue a Educación Secundaria Obrigatoria e as modalidades de Humanidades e Ciencias Sociais, e Ciencias de Bacharelato e o Ciclo Superior de Proxectos de Edificación da familia profesional de Edificación e Obra Civil.

O claustro de profesores está formado por 62 persoas, ás que hai que engadir o personal non docente: dous administrativos, dous conserxes e tres persoas que se encargan da limpeza das instalacións. O equipo directivo está formado polo director, o vicedirector, o xefe de estudos e o secretario. Os órganos de goberno colexiados: Consello Escolar e o Claustro de Profesores.

No que toca ao equipamento para o curso 20-21 houbo que modificalo sensiblemente, así en vez de unha, hai dúas salas de profesorado, prescindindo da sala de titorías, para o que se habilitou un espazo no vestíbulo. A conserxaría, despachos de cargos directivos, secretaría, unha pequena estancia para a recepción de pais, non sufriron modificacións, así como tampoco o departamento de Orientación. A aula de convivencia (ata agora ao lado do departamento de orientación, na planta baixa) foi trasladada ao terceiro piso, quedando habilitada este curso como aula COVID. Biblioteca. Aulas de Informática e audiovisuais. Algúns departamentos pasaron a ser utilizados como aulas para desdobres e/ou reforzos. Laboratorios, Ximnasio e Campos deportivos seguen igual. O salón de actos converteuse nunha sala multiusos (clases de música, xa que tivo que ser utilizada para aula no específica, claustros, etc).

A pesares da nueva distribución de grupos e espacios, o horario de clase continua a ser luns e xoves de 8:30 a 15:00 horas e martes, mércores e venres de 8:30 as 14:10 horas. O stembach e o ciclo teñen ademais horario de tarde os mércores de 16:00 a 19:30 horas. Así como o departamento de orientación co obxectivo de atender a familias que por distintos motivos (principalmente laborales), non poden asistir ao centro en horario de mañán.

2.1.- Alumnado

O número total de alumnos matriculados para o curso 2020-2021 (no momento de redactar a programación) é de 499. A distribución por etapas e cursos é a seguinte: 332 na ESO, cinco grupos de 1º ESO, cinco grupos de 2º ESO, catro grupos de 3º ESO

e cuatro grupos de 4º ESO. En Bacharelato están matriculados un total de 148 alumnos. En primeiro de Bacharelato distribúense en catro grupos, dous de humanidades e ciencias sociais (un de humanidades e outro de ciencias sociais) e dous de ciencias (un orientado as ciencias da saúde e outro as enxeñerías e arquitectura). En segundo a distribución é igual que en primeiro de Bacharelato catro grupos, dous de humanidades e ciencias sociais e dous de ciencias. No ciclo superior son 19 alumnos, en primeiro curso 13 e 6 en segundo curso de Proxectos de Edificación.

2.2-Composición e funcións do departamento de orientación

No Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e posteriormente na Orde que o desenvolve (24 de xullo de 1998), considérase que o Departamento de Orientación constitúe, dentro de cada centro, garante de que a orientación é entendida como o proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza no momento da escolaridade e remata ao finalizar as ensinanzas non universitarias. A orientación forma parte esencial da actividade educativa, sendo unha vía de asesoramento permanente ao profesorado e ás familias. Este carácter de Continuidade que posúe a orientación implica a necesidade de establecer un plan de actuación común dos departamentos de orientación dos institutos de educación secundaria cos departamentos de orientación dos centros que teñen adscritos. Neste senso, o artigo 3º de dito decreto establece a composición do Departamento de Orientación dos I.E.S.

No momento de redactar a programación, aínda non foran nomeados os membros do departamento non natos, polo que incluíranse na acta correspondente a primeira convocatoria de departamento. Polo tanto, a composición neste momento do departamento é a seguinte:

- Xefa do departamento: Benita Victoria Martínez Jorrín
- Profesora de Pedagogía Terapéutica: M^a Dolores Ortigueira Hermida.
- Profesora da área de formación e orientación laboral: María Isabel Martín García
- Orientadora do CEIP de Cabanas: Sabela Torres Quelle
- Orientador do CEIP de San Martiño: Laura Villanueva Peón
- Orientadora do CEIP A Carballeira: Ruth Outeda López

No artigo 6º do mencionado decreto e no art. 5º da orde que o desenvolve asígnanselle as seguintes funcións ao departamento de orientación :

- a) Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordina-lo profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- c) Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
- e) Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención a diversidade.
- f) Facilitarlle ó alumnado o apoio e asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, coma o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersoais ou a transición á vida profesional.
- g) Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.
- h) Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

- i) Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais, así como as ofertas do seu contorno que lle faciliten elixir responsablemente.
- j) Coordinar a orientación laboral e profesional con outras administracións ou institucións.

Funcións que xunto cas indicadas nos apartados 4 e 5 das instrucións para o presente curso, determinan a liña de intervención e delas desprenderanse os obxectivos que desde o departamento de orientación se programarán para o actual curso 2020-2021

2.3 Calendario de reunións

O día de reunión do departamento, tal e como recolle a *Orde do 4 de xuño de 2012, no punto 3*, levarase a cabo fora do horario lectivo a lo menos unha vez ó mes. Para o presente curso o día e a hora de reunión serán decididos na primeira reunión de departamento, para que todos os membros podan manifestar as súas preferencias.

Al igual que en cursos anteriores, as reunións cas orientadoras dos CEIPs adscritos se levaran a cabo as primeiras ou as últimas horas do horario lectivo e o día da semana será o que mellor conveña a maioría das orientadoras de EP.

As reunións adicaranse, ademáis dos puntos da orde do día, ao seguemento da programación que a continuación se presenta. De cada reunión, a xefatura do departamento levarantará acta deixando constancia dos asistentes e dos acordos tomados.

Co profesorado titor, ao non haber posibilidade de establecer unha hora de reunión titor/a-orientadora, por falta de recursos humanos e este curso tamén de estancias físicas, a comunicación levarase a cabo nos momentos que ao profesorado titor le permita o seu horario (hocos, gardas, recreos) de forma presencial, no departamento e/ou salas de profesores. E cando non sexa posible e se precise a comunicación farase a través do correo electrónico, wap o teléfono.

Ca Xefatura de Estudos manteranse todas as reunións que se requiran, dentro da dispoñibilidade do noso horario e tamén a través do correo electrónico e/ou teléfono en calquera momento que sexa preciso. Así mesmo co Vicedirector, cunha periodicidade semanal (si é posible) ou quincenalmente, se manterán reunións para a organización das

actividades de tutoría levadas a cabo por axentes externos ao centro, para determinar se serán presenciais, telemáticas dependendo tanto dos poñentes como das posibilidades do centro. Tamén se manterán reunións cas Traballadoras sociais que corresponda segundo o caso e coa responsable do Secretariado xitano, ca Asociación Meniños, ca Responsable do programa Caixa pro infancia e con cantos responsables de institucións externas ao centro con quen se requira manter contacto, co obxectivo de mellorar o proceso socio-educativo do alumnado que comparte estes servizos. Nestes últimos casos as reunións serán en horario previamente establecido, dependendo das necesidades do alumnado. Asemade, manterase contacto telefónico o por correo electrónico e/ou presencial (si se require) cos servizos sanitarios tanto oficial (sergas, adeslas, etc) como privados (psicólogos, pedagogos, logopedas, etc) que estén intervindo co alumnado do centro.

Horario do departamento de Orientación

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30 a 9:20					
9:20 a 10:10	DO				
10:10 a 11:00	DO	DO		DO	DO
11:00 a 11:50	DO	DO		DO	DO
11:50 a 12:30	G. Alumnos			G. Alumnos	G.Recreo
12:30 a 13:20	DO	DO		DO	DO
13:20 a 14:10	DO	DO		DO	
14:10 a 15:00					
14:10 a 15:00					
16:00 a 16:50			XD		
16:50 a 17:40			AF		
17:50 a 18:40			DO		
18:40 a 19:30			DO		

GA: ATENCIÓN AO ALUMNADO **AF:** ATENCIÓN PAIS **DO:** ORIENTACIÓN

XD: XEFATURA DEPARTAMENTO

Tendo en conta que a xefa do departamento impartirá titorías de orientación académico-profesional, e as que se requiran para a dinamización de grupos, resolución de conflitos, etc., este horario será flexible, xa que estas actividades levaráanse a cabo nas horas de titoría da ESO e nas horas de Valores Éticos/Relixión no bacharelato, sempre que se sega co ensino presencial.

3. OBXECTIVOS XERAIS E ACCIÓNS PRIORITARIAS

Os obxectivos xerais de actuación do departamento de Orientación para o curso 2020-2021 plantéanse a partires das recomendacións establecidas pola **Circular 18/2007** das *Direccións Xerais de Ordenación Educativa e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais*, pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e estableceras accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia, e da **Circular 8/2009** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO. Así como a última circular (**Circular 10/2010**) da Dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia .

No presente curso se terán presentes especialmente as orientacións para a atención á diversidade e para os servizos de orientación recollidas nas **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Tendo en conta dunha parte as circulares e as instrucións citadas e doutra as necesidades do contexto recollidas na memoria anual do curso 2019-2020, as **accións prioritarias** para este curso serán as seguintes:

- Asesoramento e colaboración, no desenvolvemento e avaliación do Proxecto educativo do Centro.

- Avaliación e revisión (se procede) do Plan de atención á diversidade, nos termos que indica o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado*.
- Colaborar na posta en práctica do plan de mellora da convivencia, así como na dinamización da mesma. Determinar os termos concretos das derivacións á aula de convivencia e inclusiva.
- Colaborar cos departamentos didácticos nos plans de recuperación dos aspectos curriculares non adquiridos pola suspensión do ensino presencial, especialmente no caso do alumnado con neae.
- Identificar necesidades educativas ocasionadas pola pandemia, a través das persoas titoras, os servizos sociais, servizos sanitarios, etc.
- Asesorar, colaborar e incorporar contidos ao plan de acción tutorial, relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.
- Asesorar aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na atención á diversidade.
- Asesorar pedagoxicamente aos equipos educativos sobre liñas de orientación básicas na atención á diversidade.
- Continuar coa incorporación ao PAT, programas e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática favorecedores dun clima de convivencia e respecto entre as persoas e as culturas.
- Levar a cabo o programa básico de habilidades sociais, que contempla actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autoconecemento e a mellora da autoestima. Este programa será levado a cabo pola orientadora nos casos que se requiran.
- Desenvolver o programa de habilidades sociais para o alumnado que sexa reiteradamente expulsado á aula de convivencia ou acumule faltas de orde, coa finalidade de corrixir as condutas disruptivas e mellorar a súa integración no centro educativo.
- Diseñar accións de atención temperá que proporcionen respostas educativas apropiadas e adaptadas de carácter preventivo e compensador, tanto para o alumnado do noso centro como dos centros de Educación Primaria adscritos.
- Revisar e avaliar obxectivamente as medidas de apoio e/ou reforzo para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.

- Elaborar unha enquisa na que os equipos docentes podan valorar as medidas de atención adoptadas e a súa operatividade.
- Coordinar actuacións coas Orientadoras dos centros adscritos, sobre todo no tránsito da etapa de primaria a secundaria.
- Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado, especialmente co que comeza a súa escolarización (1º de ESO), facilitando a información recollida deste alumnado dos seus respectivos centros de EP. Comunicandolle as características, contexto sociofamiliar, e todo o que poda ser relevante para a correcta atención do alumnado.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que os equipos educativos, titor/a, pais/nais, etc., consideren necesarias e soliciten ao departamento.
- Levar a cabo unha reunión, despois da avaliación inicial de Primeiro de ESO, cas orientadoras de Educación Primaria, para contrastar a información recibida ca percepción do equipo educativo de primeiro de ESO.
- Colaborar co profesorado no afianzamento de hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das capacidades do alumnado, así como afianzar o sentido do traballo en equipo, a valoración das apartacións dos demais e o respecto a outras formas diferentes de pensar.
- Propoñer actuacións para promover unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación dos seus fillos/as.
- Diseñar e levar a cabo actividades que faciliten a transición do sistema educativo ao mundo laboral, en colaboración ca profesora de FOL.
- Ofrecer información ao alumnado do centro sobre itinerarios formativo-profesionais, dando a coñecer a oferta educativa e as perspectivas de inserción laboral.
- Asesorar ao profesorado titor, as familias e aos propios alumnos no proceso da toma de decisións tendo en conta as potencialidades do alumnado así como as súas expectativas e realidades.
- Reunións cos pais do alumnado tanto antes como despois da avaliación inicial, precisen ter información das actuacións, medidas, etc, que se levaran a cabo cos seus fillos/as.
- Coordinación co profesorado e cas familias para atender ao alumnado con necesidades educativas ou con vulnerabilidade, para mellorar o seu benestar e o das súas familias.

- Asistir as reunións colectivas de pais que convoque a dirección do centro, xa sexan presenciais ou telemáticas se as houberse.
- Informar aos menores de idade que abandonen o centro, sen acadar o título de graduado, sobre as ensinanzas e centros e/ou institucións nos que podar seguir o proceso educativo.
- Asesorar de forma xeral de saídas profesionais e elección vocacional a todo o alumnado, tendo en consideración o curso no que están matriculados.
- Proporcionar asesoramento ao profesorado para o descubrimento e desenvolvemento das potencialidades do alumnado para favorecer o proceso de toma de decisións.
- Atención personalizada (xa sexa de forma presencial, telemática, telefónica ou por correo electrónico) ao alumnado na toma de decisións.
- O Dto. de Orientación disporá da información actualizada para a orientación dos alumnos que desexen cursar ensinanzas de adultos, réximes especiais, Formación Profesional e estudos Universitarios.
- Suxerir aos departamentos a conveniencia de que elaboren probas obxectivas para avaliar as competencias para realizar a avaliación inicial, así como ao alumnado que se incorpore xa iniciado o curso derivado da Comisión de Escolarización.
- Elaborar enquisas de satisfacción respecto das distintas funcións/ actuacións do departamento de orientación.
- Dotar ao departamento de material máis específico para poder mellorar a resposta á situación actual.

4.-ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

En relación aos ámbitos nos que o departamento de orientación centrará a súa atención, levaranse a cabo a través dos seguintes plans:

4.1.-Plan de Atención á diversidade.

Entenderase por atención á diversidade ó conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Obxectivos:

- Asesorar aos departamentos didácticos na elaboración de Programas de Reforzo, Programas de Recuperación e Programas Específicos personalizados, Programas de Mellora do Aprendizaxe e o Rendemento así como na realización das diferentes Adaptacións, para o alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020
- Asesorar e animar ao profesorado a utilizar metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.
- Asesorar na elaboración das Adaptacións Curriculares Significativas.
- Colaborar e asesorar na selección do alumnado para levar a cabo reforzo educativo nas áreas instrumentais.
- Optimizar os procesos de Ensino-Aprendizaxe para prevenir dificultades de aprendizaxe.
- Detectar dificultades de aprendizaxe e necesidades educativas, a través dos equipos docentes e ofrecer actuacións que dean resposta ás demandas do profesorado para atender ao alumnado con neae.
- Articular respostas educativas ás dificultades e necesidades detectadas para mellorar a atención á diversidade.
- Incidir no desenvolvemento de accións que melloren a adquisición de técnicas de traballo intelectual nos alumnos.
- Colaborar e velar polo cumprimento dos distintos protocolo para o alumnado con NEAE (TDAH, Dislexia, TEA e AACC).
- Levar a cabo por parte do DO un resumo operativo dos protocolos (tal e como se fixo co de TDAH) para facilitar a comprensión e posta en práctica dos mesmos por parte do profesorado.
- Adaptación e/ou elaboración de materiais personalizados para o alumado con dificultades de aprendizaxe que precisa de apoio xunto co profesorado, co obxectivo de que exista continuidade na súa aprendizaxe.

- Detectar xunto co profesorado e a través da persoa titora, as necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia.
- Asesorar aos docentes sobre a práctica educativa telemática na atención á diversidade.
- Levar a cabo a coordinación co profesorado e as familias no relativo ao benestar do alumnado con necesidades educativas ou con vulnerabilidade.
- Informar ao comezo do curso de todo o alumnado con neae do centro. A información máis pormenorizada deste alumnado, levarase a cabo na avaliación inicial.
- Comprobar que todo o alumnado con NEAE ten acceso ao proceso de Ensinanza- Aprendizaxe (E-A) tanto no ensino presencial como telemático, se se dera o caso, asegurando a súa participación e implicación tanto do alumno como do profesorado.
- Axustar medios, tempos e instrumentos tanto dos procesos de enseñanza como do procedemento de avaliación ás circunstancias do alumnado aos diferentes modos de percibir e expresar a información para garantir a comprensión da mesma.

A atención á diversidade quedará reflectida no presente curso como segue:

O alumnado de Primeiro de ESO

Necesidades específicas de apoio educativo

Do alumnado que se incorpora a 1º de ESO, dous alumnos teñen diagnóstico de TDAH un deles con trastorno específico de aprendizaxe, 3tres alumnos presentan altas capacidades, tres alumnos/as con trastorno de aprendizaxe, unha delas asociado a discalculia e os outros dous cun atraso académico de a lo menos dous cursos. Dous alumnos con TEA, un dos cales con manifestación de alucinacións (visuais e/ou auditivas).

Dous alumnos teñen un ambiente socio-familiar bastante deprimido, con carencias tanto económicas como culturais un dos casos están tutelados pola Consellería e reside no Centro Príncipe Felipe. Tres alumnos teñen informe de AACC. Catro alumnos promocionan obrigatoriamente a ESO.

As medidas de atención a diversidade que se adoptarán no presente cursos serán: a Exención da segunda lingua estranxeira, para recibir reforzo en Lingua Castelá e a optativa de Reforzo de Matemáticas. Para os casos de TDAH, TEA, AACCC e Discalculia seguiranse os protocolos e os apoios que requiran. O alumnado cun desfase curricular de dous ou mas cursos, levaranse a cabo ACIS. Recibirán apoio por parte da profesora de PT, os alumnos/as que permanecendo un ano máis xa estivesen recibindo o apoio, e os que a partires da avaliación inicial os que propoñan os equipos educativos. O alumno recen incorporado procedente de venezuela, permanecerá en 1º de ESO, a pesar de que o seu nivel curricular non se corresponde cos da súa idade, polo que haberá que valorar as medidas de AD que se levarán a cabo, ademáis da exención de frances e o Reforzo de matemáticas.

Exención da segunda lingua estranxeira (Francés)

Quedarán exentos de francés o alumnado que foi proposto polas titoras de sexto de EP dos centros adscritos, e o alumnado doutros centros que polas súa historia escolar e as súas características así foi considerado en reunión co xefe de estudos, titor/a e orientadora cos pais, oídos os departamentos de Lingua Castelá e de Francés. En total dez alumnos que comezan a ESO teñen exención de francés, mais seis que permanecen un ano máis en primeiro e xa a tiñan.

Despois da avaliación inicial, e/ou da primeira avaliación, se o equipo educativo así o considera, o alumnado que poida presentar dificultades, poderá ser proposto para a exención.

Permanencia dun ano máis no curso

No presente curso permanecen un ano máis en primeiro nove alumnos/as. Dos que cinco xa permaneron un ano máis na etapa de EP, polo tanto teñen un desfase curricular de dous cursos académicos con respecto aos compañeiros do seu mesmo curso. Para este alumnado ademáis das medidas de exención, reforzo e/ou apoio, deberían seguir un programa de reforzo personalizado.

Adaptacións Curriculares Significativas

No momento de redactar o PAD, unha alumna terá que seguir ACIS en varias materias, xa que desde 3º de EP, tivo materias adaptadas, habendo cursado 6 materias en sexto de EP con ACI. Do alumnado que repite 1º de ESO, será preciso que siga aglunhas materia con adaptación. A partires da avaliación inicial, será o profesorado da materia quen propoña a necesidade de Adaptación para máis alumnos/as de ser preciso.

Segundo de ESO

Necesidades específicas de apoio educativo

Tres alumnos presentan TDAH. Un alumno manifesta un TXD. Un alumno presenta ambliopía debido a un glaucoma congénito. Duas alumnas manifestan trastorno específico de aprendizaxe, unha de elas compatible cunha dislexia. Dous alumnos presentan trastornos emocionais, un deles a día de hoxe non pode asistir a todas as clases debido a ansiedade que lle provoca a asistencia ao centro. Con todos seguense os protocolos correspondentes e os RE que cada un require dependendo das súas particularidades.

Catro alumnos/as promocionan obrigatoriamente, dos que unha alumna cunha capacidade intelectual moi baixa, e que seguiu ACIS desde terceiro de EP, desde p curso pasado empeorou considerablemente a súa saúde física e atopase en Barcelona a espera de transplante pulmonar, polo que segue atención educativa domiciliaria. Outro alumno tamén PO a pesares da permanencia dun ano máis e das ACIS e o apoio de PT. Dous non teñen dificultades de aprendizaxe, pero si falta de motivación e unha actitude pasiva, polo que o seu atraso académico é notabel.

Unha alumna recién incorporada ao centro procedente de Venezuela, estase a determinar, dado o seu nivel curricular a conveniencia de ser escolarizada en un nivel inferior ao que lle corresponde por idade.

Exención da segunda lingua estranxeira (Francés)

Dezaoito alumnos/as teñen exención de francés e reciben RE en Lingua Galega. Dous repetidores e dazaseis que xa tiveron a exención en primeiro. Para a alumna recién incorporada ao noso sistema educativo, estase varolando.

Permanencia dun ano máis no curso

Repiten curso un total de seis alumnos/as. Un alumno escolarizado o curso pasado, procedente de Rumanía analfabeto, segue sen dominar os rudimentos básicos da lecto-escritura e das matemáticas.

Dous alumnos/as que rechazaron a FPB, permanecen en segundo, sen expectativas de continuar no sistema educativo cando acaden a idade de escolaridade obrigatoria.

Adaptacións Curriculares Significativas

No presente curso seguirán adaptacións curriculares os tres alumnos que xa tiñan en primeiro ACI, máis o alumno que aínda non sabe ler nin escribir. Duas das adaptacións, serán tan significativas e alonxadas do nivel curricular de referencia que poden considerarse máis Programas de Desenvolvemento Individual.

O alumnado que segue ACI (agás a alumna en atención domiciliaria) teñen apoio por parte da profesora de PT, ademais do alumnado que viña recibindo apoio o curso anterior.

A partires dos resultados da avaliación inicial, o equipo de educadores de cada grupo, é probable que haxa reaxuste das distintas medidas de AD.

Terceiro de ESO

Necesidades específicas de apoio educativo

En terceiro catro alumnos presentan que manifestan TDAH segue o protocolo e adaptación dos instrumentos de avaliación según as súas características. Un alumno ten AACC, outro presenta o síndrome de Delección.

Permanencia dun ano máis no curso

No presente curso non hai ningún alumno/a que repita terceiro.

Cuarto de ESO

Necesidades específicas de apoio educativo

Tres alumnos diagnosticados de TDAH e outro presenta AACC. Dúas alumnas dificultades de aprendizaxe, unha delas asociada a dislexia. As medidas de atención a diversidade axustaranse a cada caso, seguindo o protocolo correspondente, e sempre axustandoo as características do alumno/a.

Permanencia dun ano máis

Cinco alumnos/as repiten cuarto. Vintaseis xa permaneceron un ano máis ao longo da súa escolaridade e seis xa repetiron dúas veces na etapa.

Bacharelato

Necesidades específicas de apoio educativo

En 1º de Bacharelato un alumno presenta TDAH e outro TEA. En segundo de Bac, catro alumnos teñen informe de TDAH. Para todos seguirase as normas dos protocolos e a levaranse a cabo as adaptacións que requiran dependendo das súas particularidades.

No presente curso so tres alumnos permanecen un ano máis en primeiro de bacharelato e catro en segundo.

Actividades a levar a cabo para o desenvolvemento do PAD

- Cumprimentación da documentación do alumnado que pide beca de NEAE.
- Elaboración da documentación necesaria para ó alumnado proposto para seguir unha Formación Profesional Básica.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas e informes que sexan demandadas, tanto por parte do profesorado como dos pais, e/ou outras institucións para a valoración e orientación das necesidades de apoio, reforzos, etc., para favorecer el proceso de aprendizaxe del alumnado.
- Realización das avaliacións psicopedagoxicas para o alumnado estranxeiro, para colaborar na determinación do curso que pola súa situación debe seguir.

- Actividades de apoio ao profesorado-titor para a coordinación da avaliación inicial dos alumnos, sobre todo en primeiro e segundo da ESO. Informar das características do alumnado sobre todo nos casos que polas súa singularidade é necesario .
- Realizar actividades de colaboración e asesoramento co profesorado sobre medidas educativas preventivas ou específicas a través dos titores/as .
- Elaborar propostas de actividades para o alumnado con necesidades específicas de apoio, en colaboración ca profesora de Pedagogía Terapéutica.
- Colaborar e asesorar aos departamentos didácticos, sempre que o demanden, para elaborar os programas de recuperación e personalizados, para a recuperación de materias pendentes, e do alumnado repetidor.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas necesarias, así como dos informes precisos demandados por distintas institucións alleas ao centro.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas e os correspondentes informes para a elaboración dos Documentos Individuais de Adaptacións Curriculares
- Colaboración co profesorado na elaboración das adaptacións curriculares que sexan necesarias.
- Asesoramento e apoio ao profesorado que imparte docencia nos grupos de Reforzo Educativo por exención da segunda lingua estranxeira, tanto en estratexias de aprendizaxe do alumnado como en estratexias metodolóxicas e materiais.
- Asesoramento ao profesorado e/ou aos alumnos na utilización de técnicas de Traballo intelectual que melloren o rendemento escolar.
- Diseñar actividades de cooperación centro-familia.
- Avaliación das medidas de atención á diversidade empregadas durante o curso.
- Coordinación co profesorado, persoas titoras, familia e os especialistas que levan a cabo intervencións e/ou están a cargo de alumnado con neae.

4.2 Plan de Apoio á Acción tutorial

Tal e como establece no preámbulo na actual lei de educación, *as habilidades cognitivas, sendo imprescindibles, non son suficientes, é necesario adquirir competencias transversais, como o pensamento crítico a xestión a diversidade, a creatividade ou a capacidade para comunicar, actitudes clave como a confianza individual, o entusiasmo, a constancia e aceptación do cambio.* Polo tanto este labor, aínda que corresponde a toda a comunidade educativa, é unha dimensión máis da práctica docente, especialmente na ESO. A hora de tutoría centrarase exclusivamente nestes aspectos da persoa.

Ademais á acción tutorial tenderá a favorecer a integración e participación dos alumnos na vida do Centro, na medida que a situación actual o permita. Realizar o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe e facilitar a toma de decisións respecto ó seu futuro académico e profesional. Para o que se poñerá a disposición dos titores/as as unidades didácticas necesarias para levar a cabo nas horas de tutoría. O presente curso se subirán á aula virtual, no apartado orientación. A orientadora levará a cabo clases de tutoría directamente co grupo de alumnos cando así sexa solicitado polo profesorado tutor e/ou por calquera outra circunstancia e telemáticas si hai restriccións na enseñanza presencial.

Así mesmo, levaranse a cabo tutorías individuais ou en pequeno grupo sempre que o caso así o requira, asistindo o/a alumno/a ou o grupo de alumnos concreto, no horario de atención ao alumnado establecido no horario do departamento.

Obxectivos:

- Que o alumnado forme unha imaxe axeitada da propia persoa, das súas características e posibilidades, e desenvolver actividades de forma autónoma e equilibrada, valorando o esforzo e a superación das dificultades.
- Que o alumnado aprenda a ser e a convivir, a resolver os conflitos de forma pacífica.
- Apoiar e asesorar ao alumnado que o requira de posibles alteracións que a nivel socio-emocional poda provocar a situación da pandemia actual.

- Que adquiren as habilidades sociais básicas necesarias en todo cidadán para conseguir unha convivencia pacífica.
- Relacionarse con outras persoas e participar nas actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando a diversidade.
- Diseñar programas e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas.
- Asesorar para que o alumnado sexa capaz de organizar as súas tarefas académicas, adquiren hábitos e técnicas de estudo, imprescindibles para el éxito académico.
- Revisión e actualización do PAT. Levar a cabo unha selección de sesións de tutoría prioritarias en función do curso da ESO.

Dentro do apoio á acción titorial consideramos como prioritario o desenrolo dos seguintes programas:

ACOLLIDA PRESENTACIÓN E INTEGRACIÓN DO ALUMNADO

Actividades:

Ao comezo de curso, na aula virtual, o profesorado titor disporá dunha carpeta con sesións de tutoría por curso. As sesións a desenvolver inclúen entre outros os seguintes bloques temáticos

- Actividades encamiñadas á recepción dos alumnos, principalmente nos grupos onde haxa alumnos recen incorporados.
- Información de horarios, horas de tutoría, etc.
- Recollida de información dos alumnos: ficha cos seus datos persoais, académico, sociofamiliares de interese.
- Presentación das actividades do PAT, admitindo suxestións e propostas dos titores/as e dos alumnos/as.

- Descrición da estrutura organizativa: organigrama.
- Debate sobre os dereitos e os deberes dos alumnos.
- Normas de convivencia
- Elección democrática de delegado-a
- Coñecer a través de probas sociométricas a integración dos alumnos no grupo e a cohesión do mesmo.
- Detección a través de cuestionarios de situacións de acoso e/ou ciber acoso.

O profesorado titor se o precisa, solicitará ao departamento temas que considere necesarios levar a cabo en titoría e que non estean incluídos na carpeta de titoría.

PROGRAMAS CENTRADOS NO DESEÑO PERSOAL DOS ALUMNOS

Os programas a desenvolver terán os seguintes bloques temáticos:

- Potenciar as competencias persoais do alumnado,
- Facilitarlles un mellor coñecemento de si mesmos.
- Aprender a resolver conflitos.
- Aprender a organizarse.
- Prevención de condutas aditivas (tabaco, alcol, etc)
- Igualdade e violencia de xénero
- Riscos das redes sociais (Uso, abuso e mal uso das novas tecnoloxías)
- Acoso escolar. Bullying
- Racismo e xenofobia
- Discriminación en razón de identidade ou orientación sexual
- Xestión emocional e convivencia
- Adaptación do programa de habilidades e competencias sociais ó D.8/2015

Actividades:

- Actividades de autoavaliación .
- Actividades informativas.
- Dinámica de grupos: técnicas para mellorar o autocoñecememeto mutuo. Resolución de conflitos (resolución de problemas estudio de casos, rol playing).
- Programas de desenrolo de condutas pro-sociais.
- Programa de resolución de conflitos.
- Prestarase atención individualizada cando o soliciten.
- Axudarlles a conseguir unha boa integración no centro e no grupo de compañeiros e/ou compañeiras.
- Alimentación saudable.
- O programa de habilidades sociais levarase a cabo realizando el procedemento que nel se recolle e que foi aprobado o curso 2013-2014.

Para levar a cabo algúns dos obxectivos e desenvolver os programas sinalados, contamos ademais do profesorado titor ca colaboración dos seguintes servizos externos ó centro: A Cruz Vermella, o Plan director, a Asociación Aesleme, K-18, o Concello e a Fundación Matrix e Asemblea de cooperación pola paz entre outros.

O presente curso, debido a situación da COVID, os obradoiros levados a cabo por servizos externos levaranse a cabo por via telemática, sempre que así se requira.

Para que o labor titorial sexa operativa e organizada, orientadora e titores manterán contacto frecuente. Debido a que non é posible pola organización de horarios ter reunións dentro do horario, o contacto cos titores será fundamentalmente a través de correo electrónico, agás nos casos máis complexos e/ou delicados que deban ser tratados directamente, para o que buscaremos tempos fora dos nosos horarios. Asemade realizaranse todas as xestión de organización coas institucións externas e co profesorado titor para poder levar a cabo as actividades dos programas das temáticas sinaladas.

4.3 Plan de Orientación Académico e Profesional:

O POAP, considérase como un aspecto mais da actividade orientadora que todo alumno precisa no seu proceso de ensino aprendizaxe. O seu obxectivo último vai na liña da auto-orientación, pero o proceso previo será o de facilitar a toma de decisións sobre o itinerario académico e profesional do alumnado.

En relación co POAP, o Departamento de Orientación incluírá as seguintes actuacións:

Asesoramento e colaboración nas tarefas xerais do Centro:

- Coordinación das actividades que teñan que ver coa orientación académica e profesional; conferencias, sesións informativas. Este curso é probable que se leven a cabo de forma telemática.
- Manter actualizado na aula virtual e no blog todos os contidos relacionados ca orientación académico-profesional: cuestionarios, graos, formación profesional, becas, etc.

Co profesorado:

- Propoñerlles traballar nas súas áreas os contidos que facilitan o desenrolo e a capacidade da toma de decisións.
- Realizar na hora de titoría de contidos específicos sobre o sistema educativo, o mundo sociolaboral, estratexias de búsqueda de emprego por parte do departamento de orientación.

Co alumnado:

- A través do blog de orientación e do programa orienta, que vaian perfilando as súas preferencias profesionais, para a toma de decisións de optativas en terceiro e cuarto da ESO, bacharelatos, formación profesional e graos universitarios.
- Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance.
- Axudarlles na toma de decisións sobre as opcións que se lle presenten, a través de entrevistas individualizadas nas horas de atención ao alumnado por parte da orientadora.

- Favorecer e indicar como acceder para coñecer distintos ámbitos profesionais, vinculando a escola co mundo do traballo e considerando este como obxectivo de ensinanza-aprendizaxe.
- Levar a cabo charlas tanto de profesorado universitario como de Ciclos Formativos co alumnado sempre que sea posible facelo telemáticamente.

Cos pais:

- Orientar ás familias de forma individual e/ou colectiva (se é posible) para que asuman responsablemente na educación e orientación dos seus fillos/as.
- Atención individualizada aos que o soliciten.
- Reunións cos pais/nais, nas que se lles informará da optatividade para os curso de 3º, 4º de ESO e 1º e 2º de Bacharelatos, Formación Profesional e universidades.

Se non é posible presencialmente, a información estará dispoñible na aula virtual e/ou a través do blog de orientación.

4.4 Actuacións coas Familias

Para acadar o obxectivo de mellorar a relación centro-familia, dende o D.O. se potenciará que os pais se impliquen no proceso educativo dos seus fillos mediante:

- Colaboración na reunión colectiva pais-titores (da forma no que este ano teña prevista a dirección do centro) na que se tratarán os seguintes temas: Presentación do titor/a, Calendario escolar, Avaliacións, NOF, funcións do D.O. Temas a tratar nas titorías, Orientación vocacional e profesional...
- Reunión cos pais do alumnado que van levar algunha medida de atención a diversidade (Adaptacións, programas de reforzo educativo, avaliacións psicopedagóxicas, etc.) e manter reunións a lo menos trimestrais.
- Entrevistas persoais periódicas da orientadora cos pais dos nenos con necesidades educativas especiais, e potenciar a relación do profesorado de apoio cos pais.

- Entrevistas persoais cos pais dos alumnos que manifesten problemas de conduta, abandono, etc.
- Entrevistas persoais cos pais que as demanden.
- Facer conscientes aos pais de que a súa implicación na educación dos fillos é imprescindible

Se cambia a situación e non é posible levar a cabo de maneira presencial as actuacións cas familias, a comunicación será levada a cabo a través das plataformas telemáticas disponibles , a través do correo corporativo e cando sexa preciso telefónicamente

4.5 .- Actuación cos Centros Adscritos

Os centros referidos son:

- C.E.I.P. de CABANAS de Salcedo
- C.E.I.P. DE SAN MARTIÑO .
- C.E.I.P A CARBALLEIRA de Lourizán.

Levaranse a cabo as seguintes actividades

- Reunión despois da avaliación inicial para intercambio de información sobre o alumnado de primeiro de ESO.
- Intervencións puntuais das demandas que se formulen, tanto por parte dos centros como do IES.
- Contrastar información, e facer propostas de actuación en E. Primaria a partir das avaliacións do alumnado de 1º de ESO para a detección precoz de necesidades de apoio detectadas.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá do seu alumnado.
- Intercambio de información sobre as características, dificultades, etc. do alumnado que se incorpora ao IES.
- Colaborar na elaboración e posta en práctica do programa de transición EP-ESO do próximo curso.

Sempre que sexa posible realizaranse de forma presencial, sendo substituídas por medios telemáticos, correos electrónico e/ou chamadas telefónicas se cambia o escenario.

5.- METODOLOXÍA

A posta en marcha do plan anual de orientación levarase a cabo cunha intervención sistemática (tal e como se ven expoñendo) e dentro dun proceso integral, implicando non solo aos integrantes do Departamento, senón a todo o profesorado, os pais e o resto da comunidade educativa.

O labor de intervención irá dirixida principalmente á prevención de dificultades sen esquecer a función compensadora, incidindo principalmente no contexto escolar, emocional e social do alumnado.

6.- DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DAS ACTIVIDADES

1º TRIMESTRE:

- Entrevistas cos pais/nais e co alumno/a proposto para seguir unha FPB, informarles sobre o itinerario e asinar o consentimento, e se procede elaborar o resto da documentación.
- Elaboración dos informes precisos do alumnado con NEAE.
- Entrevistas individuais cos pais do alumnado propósito para exención da segunda lingua estranxeira, así como cos pais do alumnado propósito para recibir apoio por parte da profesora de PT. E asinar o consentimento se procede.
- Elaboración do Plan anual de Orientación.
- Constitución formal do Departamento de Orientación.
- Reunións de departamento.
- Establecemento dos criterios pedagóxicos, organizativos e funcionais do mesmo.
- Presentación da programación aos membros do departamento e incorporala a páxina web do centro.

- Tramitación das becas de NEAE.
- Revisión e priorización de actividades do Plan de Acción Titorial.
- Comunicación da información recollida dos novos alumnos, en especialmente do alumnado con características individuais específicas e con neae.
- Organización das medidas de atención á diversidade tendo en conta as conclusións das avaliacións finais extraordinarias do curso anterior e da avaliación inicial do presente curso.
- Posta en funcionamento do sistema de apoio ás necesidades educativas especiais.
- Colaboración para realizar os Programas de reforzo, de recuperación e persoais para o alumnado repetidor, así como das Adaptacións Curriculares.
- Avaliacións Psicopedagóxicas dos alumnos con necesidades educativas de apoio.
- Entrevistas familiares do alumnado que se considere necesario, tanto demandadas polos pais ou titores legais, como a petición do profesorado titor e/ou docente o memos da orientadora.
- Entrevistas cos pais de alumnos que vaian a seguir programas de reforzo, recuperación, etc, Exención de Francés, ou calquera outra medida de atención a diversidade.
- Entrevistas individuais cos alumnos que o demanden e/ou se requira.
- Asesoramento e apoio á acción titorial.
- Propostas e actuacións de dinamización da convivencia.
- Preparación da 1ª sesión de avaliación.
- Asistencia as reunións das sesións de avaliacións.
- Conclusións da sesión de avaliación.

2º TRIMESTRE:

- Operativización das conclusións da avaliación do 1º trimestre, revisión e actualización de decisións previas, correccións organizativas.

- Valoración e seguimento dos casos nos que se realizaron avaliacións psicopedagóxicas.
- Actuacións na dinamización da convivencia.
- Valoración de casos con dificultades de aprendizaxe ou conduta non considerados con anterioridade.
- Reunións de departamento.
- Orientación académica e profesional, en especial o referido a cuarto curso de ESO, e primeiro e segundo de Bacharelato.
- Seguimento das medidas de atención a diversidades que se están levando a cabo no presente curso.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas que se precisen.
- Asesoramento e apoio a acción titorial.
- Seguimento das adaptacións curriculares.
- Seguimento e valoración dos reforzos educativos que se están levando a cabo.
- Preparación da avaliación trimestral.
- Reunións de avaliación.
- Sondar o posible alumnado que polo seu perfil poda ser obxecto de medidas de atención á diversidade cara o próximo curso (PMAR) e Formación Profesional Básica
- Conclusións da sesións de avaliación.
- Entrevistas co alumnado que o precise e/ou o solicite.
- Reunións individuais cas familias que o soliciten e/ou que sexan requiridas.
- Elaboración dos informes que se precisen.

3º TRIMESTRE:

- Operativización das conclusións da avaliación do 2º trimestre: revisión e actualización de decisións previas, correccións organizativas.

- Entrevistas individuais cos pais que o soliciten ou que se lles teña que informar e/ou valorar a situación escolar dos seus fillos-as.
- Entrevistas persoais cos alumnos que o precisen e /ou o soliciten.
- Entrevistas cos pais de alumnos que podan ser propostos para Exención de Francés, Formación Profesional Básica ou PMAR para o próximo curso.
- Elaboración de documentos para solicitar a autorización da Formación Profesional Básica e demais medidas que vaian adoptarse cara o seguinte curso.
- Avaliacións Psicopedagóxicas necesarias tanto no propio centro como nos adscritos.
- Realización do programa de orientación profesional e vocacional para os cursos de 3º, 4º de ESO e Bacharelato.
- Orientación académica e profesional: entrevistas individuais para a toma de decisións sobre optativas para o alumnado de 3º e 4º de ESO e Bacharelato
- Proposta de sesión de preavaliación.
- Preparación da avaliación final cos titores.
- Conclusións da avaliación final ordinaria.
- Reunión cas orientadoras dos centros adscritos para preparar o programa de transición de E. Primara a ESO.
- Reunións cos pais do alumnado de 6º de EP dos centros adscritos.
- Avaliación dos distintos plans elaborados no Departamento de Orientación.
- Avaliación do Plan de Acción Titorial, do Plan de Atención á Diversidade e do Plan Académico e Profesional.
- Elaboración e Redacción da Memoria do Departamento de Orientación.

7.- RECURSOS DISPOÑIBLES

Persoais:

- Profesorado titores
- Todo profesorado que imparte docencia

- Profesora de pedagogía terapéutica
- Xefes/as de departamento
- Equipo directivo
- Traballadoras Sociais
- Fundación Secretariado Xitano
- Fundación Meniños
- E.O.E.

Materiais:

- Departamento de orientación co material de que dispón.
- Biblioteca.
- Aula de Informática.
- Departamentos Didácticos
- Aula de Tecnoloxía
- Salas de profesores.

8.- AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.

A avaliación deste Plan de Orientación levarase a cabo ó longo de todo o proceso, o que permitirá facer revisións ou modificacións, ter en conta imprevistos etc,

Os criterios que se terán en conta serán:

- Relación entre os obxectivos, actividades e os resultados -Eficacia-
- Adecuación dos recursos, temporalización e estratexias metodolóxicas
-Pertinencia-
- Viabilidade para levar o plan á práctica. -Viabilidade-

A valoración global das accións realizadas reflectirase nunha memoria final na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos, as dificultades atopadas, as modificacións introducidas, así como as propostas de mellora que se incorporarán no plan do seguinte curso.

9. ANEXO

Programación da aula de pedagogía Terapéutica.

ELABORACIÓN E ENTREGA DA PROGRAMACIÓN

DATA DE ELABORACIÓN	A programación comezouse no mes de setembro ata o día da data
DATA DE ENTREGA	18 de outubro de 2020
Pontevedra, 18 de outubro de 2020	
A Xefa de departamento	
Asdo.: Benita-Victoria Martínez Jorrín	